

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 16 de febreiro de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto de ampliación e mellora da explotación gandeira existente, mediante a construción dunha corte e dunha fosa de xurro para gando vacún de leite na parroquia de Fontecada, nos concellos da Baña e Santa Comba (expediente 2021/0167).

De conformidade co artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise público o informe de impacto ambiental do 16 de febreiro de 2022 do proxecto de ampliación e mellora de explotación gandeira existente, mediante a construción dunha corte e dunha fosa de xurro para gando vacún de leite na parroquia de Fontecada, nos concellos da Baña e Santa Comba (A Coruña), promovido por Granxa A Costa, S.C.G.

Este informe poderase consultar na seguinte ligazón <https://cmatv.xunta.gal/resolucions-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2022

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático

CVE-DOG: ime3xpb2-kxr3-b0f1-re47-w718lp0xkma6

